

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0614	Despregamento de aplicacións web	2023/2024	5	88	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA BELÉN VELOSO RODRÍGUEZ, JOSÉ LUIS VIDAL LUACES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas SM Tecnología S.L.U., GT Motive S.L., 3.14 Financial Contents, S.L. y Data Monitoring S.L. no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de despregamento de aplicacións Web nun servidor.

O despregamento de aplicacións web inclúe aspectos como:

- Os procesos de implantación de aplicacións web en servidores de aplicacións.
- A identificación dos parámetros de configuración dos servizos de rede implicados no despregamento seguro de aplicacións web.
- Os procesos de instalación, configuración e uso de ferramentas de control de versións.
- A elaboración de documentación relativa á aplicación web utilizando ferramentas de xeración de documentación.
- A avaliación dos recursos e requirimentos técnicos necesarios para a implantación da aplicación web.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	19	10
2	UD1. Servizos de red implicados no despliegue dunha aplicación		17	20
3	UD2. Instalación e administración de servidores de transferencia de arquivos		16	15
4	UD3. Implantación de arquitecturas web		16	15
5	UD4. Administración de servidores web		21	20
6	UD5. Administración de servidores de aplicacións		16	15
7	UD6. Documentación e sistema de control de versións		0	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	19

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Elabora a documentación da aplicación web, para o que avalía e selecciona ferramentas de xeración de documentación e control de versións.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse ferramentas de xeración de documentación.
CA6.2 Documentáronse os compoñentes de software utilizando os xeradores específicos das plataformas.
CA6.3 Utilizáronse diversos formatos para a documentación.
CA6.4 Utilizáronse ferramentas colaborativas para a elaboración e o mantemento da documentación.
CA6.5 Instalouse, configurouse e utilizouse un sistema de control de versións.
CA6.6 Garantiuse a accesibilidade e a seguridade da documentación almacenada polo sistema de control de versións.
CA6.7 Documentouse a instalación, a configuración e o uso do sistema de control de versións utilizado.

4.1.e) Contidos

Contidos
Xeradores de documentación integrados nas plataformas de desenvolvemento.

Contidos
Ferramentas externas para a xeración de documentación: instalación, configuración e uso. Ferramentas de documentación colaborativas. Formatos estándar para a documentación. Uso de linguaxes de marcas na documentación de aplicacións web. Descrición de tipos de documentos. Creación e uso de patróns. Instalación, configuración e uso de sistemas de control de versións. Seguridade dos sistemas de control de versións. Documentación sobre a instalación, a configuración e o uso do sistema de control de versións.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	UD1. Servizos de red implicados no despliegue dunha aplicación	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Implanta arquitecturas web, para o que analiza e aplica criterios de funcionalidade.	NO
RA5 - Analiza a estrutura e a funcionalidade dos servizos de rede, e axusta a súa configuración para asegurar o correcto despregamento das aplicacións web.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Documentáronse os procesos de instalación e configuración básica realizados sobre os servidores.
CA5.1 Descríbense a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA5.2 Identifícanse as necesidades de configuración do servidor de nomes en función dos requisitos de execución das aplicacións web despregadas.

Criterios de avaliación
CA5.3 Identifícaronse a función, os elementos e as estruturas lóxicas do servizo de directorio.
CA5.4 Analizouse a configuración e a personalización do servizo de directorio.
CA5.5 Analizouse a capacidade do servizo de directorio como mecanismo de autenticación centralizada dos usuarios nunha rede.
CA5.6 Especificáronse os parámetros de configuración no servizo de directorios adecuados para o proceso de validación de usuarios da aplicación web.
CA5.7 Elaborouse documentación relativa ás adaptacións realizadas nos servizos de rede.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Sistemas de nomes planos e xerárquicos.</p> <p>Servidores raíz. Dominios de primeiro nivel e sucesivos.</p> <p>Resolutores de nomes: proceso de resolución dun nome de dominio.</p> <p>Parámetros de configuración e rexistros do servidor de nomes afectados no despregamento.</p> <p>Servizo de directorios: características e funcionalidade.</p> <p>Ficheiros básicos de configuración: interpretación e uso.</p> <p>Autenticación de usuarios no servizo de directorios.</p> <p>Adaptación da configuración do servidor de directorios para o despregamento da aplicación. Usuarios centralizados.</p> <p>Documentación asociada cos procesos de adaptación dos servizos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	UD2. Instalacion e administración de servidores de transferencia de arquivos	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Administra servidores de transferencia de ficheiros, para o que avalía e aplica criterios de configuración que garantan a dispoñibilidade do servizo.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros.
CA4.2 Creáronse usuarios e grupos para o acceso remoto ao servidor.
CA4.3 Configurouse o acceso anónimo.
CA4.4 Comprobouse o acceso ao servidor, tanto en modo activo como en modo pasivo.
CA4.5 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e clientes en modo gráfico.
CA4.6 Utilizouse o protocolo seguro de transferencia de ficheiros.
CA4.7 Configuráronse e utilizáronse servizos de transferencia de ficheiros integrados en servidores web.
CA4.8 Utilizouse o navegador como cliente do servizo de transferencia de ficheiros.
CA4.9 Elaborouse documentación relativa á configuración e a administración do servizo de transferencia de ficheiros.

4.3.e) Contidos

Contidos
Arquitecturas web: modelos.
Características e funcionamento dos servidores web: clasificación.
Servidores web: instalación e configuración básica.

Contidos

Características e funcionamento dos servidores de aplicacións: clasificación.

Servidores de aplicacións: instalación e configuración básica.

Realización de probas de funcionamento dos servidores web e de aplicacións.

Estrutura e recursos dunha aplicación web.

Documentación da instalación e configuración dos servidores. Descritor de despregamento de arquitecturas web.

Arquitectura e configuración básica do servidor de aplicacións.

0 Probas de funcionamento e rendemento de aplicacións web.

Documentación dos procedementos de instalación e configuración do servidor de aplicacións.

Documentación do despregamento de aplicacións web.

Configuración do servidor de aplicacións para cooperar con servidores web.

Seguridade no servidor de aplicacións. Configuración do servidor de aplicacións con soporte SSL/T.

Configuración e uso dos compoñentes web.

Autenticación de usuarios: dominios de seguridade para a autenticación.

Administración de sesións. Sesións persistentes.

Despregamento de aplicacións no servidor de aplicacións.

Administración de aplicacións web.

Ficheiros de rexistro de acceso e filtro de solicitudes.

Funcionalidade do servizo de transferencia de ficheiros.

Configuración do servizo de transferencia de ficheiros: permisos e cotas.

Tipos de usuarios e accesos ao servizo: acceso anónimo.

Modos de conexión do cliente: activo e pasivo.

Tipos de transferencia de ficheiros.

Contidos
Protocolo seguro de transferencia de ficheiros. Uso do servizo de transferencia de ficheiros empregando ferramentas gráficas, en modo texto e desde o navegador. Uso do servizo de transferencia de ficheiros no proceso de despregamento da aplicación web. Documentación dos procedementos de manexo do servidor de transferencia de ficheiros.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	UD3. Implantación de arquitecturas web	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Implanta arquitecturas web, para o que analiza e aplica criterios de funcionalidade.	NO
RA2 - Xestiona servidores web, para o que avalía e aplica criterios de configuración para o acceso seguro aos servizos.	SI
RA5 - Analiza a estrutura e a funcionalidade dos servizos de rede, e axusta a súa configuración para asegurar o correcto despregamento das aplicacións web.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse aspectos xerais de arquitecturas web, as súas características, as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
CA1.2 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
CA1.3 Realizouse a instalación e a configuración básica de servidores web.
CA1.4 Clasifícanse e describíronse os principais servidores de aplicacións.
CA2.1 Recoñecéronse os parámetros de administración máis importantes do servidor web.

Criterios de avaliación
CA2.2 Ampliouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e configuración de módulos.
CA2.3 Creáronse e configuráronse sitios virtuais.
CA2.4 Configuráronse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor.
CA2.5 Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais.
CA2.6 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre o cliente e o servidor.
CA2.7 Realizáronse probas de funcionamento e rendemento do servidor web.
CA2.8 Elaborouse documentación relativa á configuración, á administración segura e ás recomendacións de uso do servidor.
CA2.9 Realizáronse os axustes necesarios para a implantación de aplicacións no servidor web.
CA5.1 Descríbense a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA5.2 Identifícanse as necesidades de configuración do servidor de nomes en función dos requisitos de execución das aplicacións web despregadas.
CA5.3 Identifícanse a función, os elementos e as estruturas lóxicas do servizo de directorio.
CA5.4 Analizouse a configuración e a personalización do servizo de directorio.
CA5.5 Analizouse a capacidade do servizo de directorio como mecanismo de autenticación centralizada dos usuarios nunha rede.
CA5.6 Especificáronse os parámetros de configuración no servizo de directorios adecuados para o proceso de validación de usuarios da aplicación web.
CA5.7 Elaborouse documentación relativa ás adaptacións realizadas nos servizos de rede.

4.4.e) Contidos

Contidos
Arquitecturas web: modelos.
Características e funcionamento dos servidores web: clasificación.

Contidos
Características e funcionamento dos servidores de aplicacións: clasificación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	UD4. Administración de servidores web	21

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Implanta arquitecturas web, para o que analiza e aplica criterios de funcionalidade.	NO
RA3 - Implanta aplicacións web en servidores de aplicacións, para o que avalía e aplica criterios de configuración para o seu funcionamento seguro.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Clasifícanse e describíronse os principais servidores de aplicacións.
CA1.8 Descríbonse os recursos necesarios nos servidores para a execución de aplicacións web.
CA3.1 Descríbonse os compoñentes e o funcionamento dos servizos proporcionados polo servidor de aplicacións.
CA3.2 Identifícanse os principais ficheiros de configuración e de bibliotecas compartidas.
CA3.3 Configúrouse o servidor de aplicacións para cooperar co servidor web.
CA3.4 Configúranse e actívanse os mecanismos de seguridade do servidor de aplicacións.
CA3.5 Configúranse e utilízanse os compoñentes web do servidor de aplicacións.

Criterios de avaliación
CA3.6 Realizáronse os axustes necesarios para o despregamento de aplicacións sobre o servidor.
CA3.7 Realizáronse probas de funcionamento e rendemento da aplicación web despregada.
CA3.8 Elaborouse documentación relativa á administración e ás recomendacións de uso do servidor de aplicacións.
CA3.9 Elaborouse documentación relativa ao despregamento de aplicacións sobre o servidor de aplicacións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Configuración avanzada do servidor web. Módulos: instalación, configuración e uso. Hosts virtuais: creación, configuración e uso. Autenticación e control de acceso. Protocolos HTTP e HTTPS. Tipos MIME. Certificados: servidores de certificados. Instalación de certificados no servidor web. Aseguramento das comunicacións co servidor web. Servidores web seguros. Mecanismos de autenticación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	UD5. Administración de servidores de aplicacións	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Implanta arquitecturas web, para o que analiza e aplica criterios de funcionalidade.	NO
RA3 - Implanta aplicacións web en servidores de aplicacións, para o que avalía e aplica criterios de configuración para o seu funcionamento seguro.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizouse a instalación e a configuración básica de servidores de aplicacións.
CA1.6 Realizáronse probas de funcionamento de servidores web e de aplicacións.
CA1.7 Analizouse a estrutura e os recursos que compoñen unha aplicación web.
CA3.1 Descríronse os compoñentes e o funcionamento dos servizos proporcionados polo servidor de aplicacións.
CA3.2 Identifícanse os principais ficheiros de configuración e de bibliotecas compartidas.
CA3.3 Configurouse o servidor de aplicacións para cooperar co servidor web.
CA3.4 Configuráronse e activáronse os mecanismos de seguridade do servidor de aplicacións.
CA3.5 Configuráronse e utilizáronse os compoñentes web do servidor de aplicacións.
CA3.6 Realizáronse os axustes necesarios para o despregamento de aplicacións sobre o servidor.
CA3.7 Realizáronse probas de funcionamento e rendemento da aplicación web despregada.
CA3.8 Elaborouse documentación relativa á administración e ás recomendacións de uso do servidor de aplicacións.
CA3.9 Elaborouse documentación relativa ao despregamento de aplicacións sobre o servidor de aplicacións.

4.6.e) Contidos

Contidos
Configuración avanzada do servidor web.
Módulos: instalación, configuración e uso.
Hosts virtuais: creación, configuración e uso.

Contidos
Autenticación e control de acceso. Protocolos HTTP e HTTPS. Tipos MIME. Certificados: servidores de certificados. Instalación de certificados no servidor web. Aseguramento das comunicacións co servidor web. Servidores web seguros. Mecanismos de autenticación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	UD6. Documentación e sistema de control de versións	0

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Elabora a documentación da aplicación web, para o que avalía e selecciona ferramentas de xeración de documentación e control de versións.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse ferramentas de xeración de documentación.
CA6.2 Documentáronse os compoñentes de software utilizando os xeradores específicos das plataformas.
CA6.3 Utilizáronse diversos formatos para a documentación.
CA6.4 Utilizáronse ferramentas colaborativas para a elaboración e o mantemento da documentación.
CA6.5 Instalouse, configurouse e utilizouse un sistema de control de versións.
CA6.6 Garantiuse a accesibilidade e a seguridade da documentación almacenada polo sistema de control de versións.
CA6.7 Documentouse a instalación, a configuración e o uso do sistema de control de versións utilizado.

4.7.e) Contidos

Contidos
Xeradores de documentación integrados nas plataformas de desenvolvemento.
Ferramentas externas para a xeración de documentación: instalación, configuración e uso. Ferramentas de documentación colaborativas.
Formatos estándar para a documentación. Uso de linguaxes de marcas na documentación de aplicacións web.
Descrición de tipos de documentos.
Creación e uso de patróns.
Instalación, configuración e uso de sistemas de control de versións.
Seguridade dos sistemas de control de versións.
Documentación sobre a instalación, a configuración e o uso do sistema de control de versións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A nota de cada unidade será calculada en base a:

- 20% entrega de exercicios, prácticas, traballos e/ou presentacións na aula.
- 80% exames teórico/prácticos.

Para superar unha unidade a nota deberá ser igual ou superior a 5 e, ademais, a nota dos exames deberá ser igual ou superior a 5.

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades (cada unidade terá un peso determinado pola duración da mesma).

É preciso sacar un mínimo dun 5 en tódalas unidades para que quede superada.

Realizarase un exame de recuperación ao final de cada avaliación para recuperar as partes suspensas nesa avaliación. Será preciso unha nota de 5 sobre 10 para superar a recuperación.

No caso de que unha parte non se aprobe no exame correspondente, nin na recuperación ao final de avaliación, recuperarase ao final do curso no periodo de recuperación. Neste periodo, permitirase unha nota mínima de 4 en cada unidade para poder facer media co resto de unidades. A media final deberá ser igual ou superior a 5 para superar o módulo.

Se un alumno falta a un exame non terá dereito a que se lle repita, a non ser que teña unha xustificación documentada (exemplo: causa médica debidamente xustificada documentalmente).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizarase un exame de recuperación ao final de cada avaliación para recuperar as partes suspensas nesa avaliación. Será preciso unha nota de 5 sobre 10 para superar a recuperación.

No caso de que unha parte non se aprobe no exame correspondente, nin na recuperación ao final de avaliación, recuperarase ao final do curso no periodo de recuperación. Neste periodo, permitirase unha nota mínima de 4 en cada unidade para poder facer media co resto de unidades. A media final deberá ser igual ou superior a 5 para superar o módulo.

Se un alumno falta a un exame non terá dereito a que se lle repita, a non ser que teña unha xustificación documentada (exemplo: causa médica debidamente xustificada documentalmente).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria, consistirá na realización dunha proba escrita, na que se atoparán preguntas relacionadas con todas as partes nas que se dividiu o módulo, así como unha proba práctica para comprobar se o alumno ou alumna é capaz de aplicar os conceptos e ideas estudados, e que valerá o 100% da nota final.

Na proba escrita, plantexarase unha serie de preguntas nas que se pretende que o alumno ou alumna demostre que adquiriu os coñecementos mínimos e máis importantes de cada unha das partes do módulo.

Coa proba práctica, o que se pretende é que o alumno ou alumna poña en práctica aquilo que aprendeu. Esta proba práctica consistirá en resolver unha situación plantexada, coa axuda do ordenador e os sistemas xestores e aplicacións a utilizar instalados.

A proba escrita será puntuada sobre 10 (nota X) e a proba práctica será puntuada sobre 10 (nota Y). A nota final do módulo será: $0.4 \cdot X + 0.6 \cdot Y$

Será preciso sacar un mínimo de 5 en cada unha das partes para que faga media.

É dicir, comprobarase coa proba práctica que se aplicaron de forma correcta os mínimos esixibles sobre os conceptos estudados.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación usarase a aplicación de edu.xunta.es/programacións habilitada para tal fin.

A práctica docente avaliarase seguindo o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realízase principalmente cumprimentando os seguintes documentos:

- Enquisa para a avaliación do profesor: avaliación feita polos alumnos da materia sobre as actividades docentes realizadas polo profesor.

Mediante a enquisa de avaliación docente, obteranse resultados a valorar ao remate das avaliacións.

- Recollida de datos para a xunta de avaliación: recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ao alumnado (suspensos, faltas de asistencia) e cumprimento da programación.

- Memoria fin de curso: na que, entre outros temas, trátase a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

Ademais, en reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial e co obxecto de determinar a formación previa do alumnado na materia, farase un cuestionario oral con preguntas breves para coñecer o punto de partida do alumnado e polo tanto das explicacións.

Ademais o titor/a proporcionará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e as circunstancias académicas e/ou persoais, que poidan ter relevancia educativa.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles.

As medidas de reforzo da parte práctica da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos con unha metodoloxía distinta e máis detallada. Estes supostos serán resoltos polo alumno sempre coa axuda do profesor.

As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno e coa axuda do profesor que fará propostas de cuestionarios sobre a materia, que o alumno debe cumprimentar.

As medidas de reforzo da parte actitudinal da unidade didáctica consistirán na proposta de cambio por parte do alumno e a supervisión do profesor.

Para o alumnado con altas capacidades tamén se propondrán medidas de reforzo consistentes en: boletíns de exercicios opcionais para este tipo

de alumnos, tarefas de investigación relacionadas coa materia, cuestionarios propostos polo profesor para identificar aqueles aspectos relacionados coa materia que despertan un maior interese sobre este tipo de

alumnos e finalmente proposta de retos ou premios nos que poida participar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Co desenvolvemento da programación, trataranse tamén unha serie de temas coa idea de proporcionar unha adecuada educación en valores ao alumnado.

Os temas máis importantes son a tolerancia, o respecto e a igualdade, que se traballarán grazas a realización de traballos en grupo e a realización de debates. Debemos saber escoitar a opinión dos demais e respectala aínda que non esteamos de acordo con ela.

Outro tema importante será a legalidade en internet. Debemos saber que piratear e descargar programas non oficiais é un delito, e isto debémolo ensinar a medida que usamos sempre licencias oficiais para os nosos programas.

Ademáis, incidirase no día a día en aspectos como a puntualidade e asistencia ou o respecto ás normas e o material que se use.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación nas que figuran na programación conxunta do departamento e no resto de actividades dos ciclos formativos da familia de informática do centro, así como naquelas organizadas polo centro e que se consideren de interese xeral.

10. Outros apartados

10.1) Constancia de información ao alumnado

A presentación do módulo con información relativa á programación didáctica (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, cualificación e procedementos e mínimos esixibles) está colgada na Web do Instituto a disposición de toda a comunidade educativa e na aula virtual do correspondente módulo. Deste feito son informados os alumnos e pais nas respectivas guías